**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13/07/2026 (Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA ACCTAL**
MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13/07/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06 de xullo de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2026/2452**
Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo, na que se indica que durante os traballos de inspección realizados no bombeo de Carril comprobouse que as tubaxes de impulsión de aceiro inoxidable presentan un avanzado estado de deterioro, con fisuras e gretas provocadas polos continuos impactos das bólas das válvulas de retención actualmente instaladas en posición horizontal.
A disposición horizontal destas válvulas impide o correcto asentamento das bólas de retención, provocando o seu movemento continuo durante o funcionamento das bombas. Esta circunstancia xera golpes repetitivos sobre as impulsións, transmitindo vibracións e esforzos mecánicos que acabaron provocando a rotura das tubaxes de aceiro inoxidable.
O estado actual das impulsións fai inviable a súa reparación, sendo necesaria a súa substitución por novos tramos de tubaxe e a modificación da configuración hidráulica da instalación.
Para eliminar a causa que orixina estas avarías, resulta necesario trasladar as válvulas de retención á disposición vertical das impulsións. Deste xeito, o propio peso das bólas favorecerá o seu correcto peche por gravidade, evitando os desprazamentos e impactos que actualmente se producen e prolongando a vida útil das tubaxes e dos equipos de bombeo.
Os traballos inclúen a retirada dos elementos existentes, a fabricación e montaxe dos novos tramos de impulsión en aceiro inoxidable, a instalación das novas válvulas de retención en posición vertical, así como todas as bridas, xuntas, tornillería e medios auxiliares necesarios para a correcta execución da actuación.
A actuación resulta necesaria para garantir a fiabilidade do bombeo de Carril e evitar novas roturas das impulsións provocadas polo funcionamento incorrecto das válvulas de retención. A non execución destes traballos podería ocasionar avarías de maior entidade, interrupcións do servizo e posibles vertidos ao medio receptor.
Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por importe de 4.259,20 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 160 – 61900 (Proxecto 2025-2-PREST-9) a favor de Espina & Delfín, S.L., para a execución dos traballos de reparación das impulsións e modificación das válvulas de retención do bombeo de Carril, co fin de garantir o correcto funcionamento da instalación e do sistema municipal de saneamento, conforme á oferta presentada:
• Modificación das válvulas de retención do bombeo de Carril: 3.520,00 €

IMPORTE SEN IVE: 3.520,00 €
IVE (21%): 739,20 €
IMPORTE TOTAL: 4.259,20 €
Partida orzamentaria: 160 – 61900 – Proxecto 2025-2-PREST-9

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2026/2536**
Vista a proposta do Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias e o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e convocatoria para levar a cabo o proceso selectivo para a contratación de 1 socorrista, trala renuncia dun dos candidatos seleccionados para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Preguntoiro, Concha-Compostela e Campanario, para a tempada de verán, ata o 30 de setembro de 2026, a través de anuncio en prensa.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

**PRP2026/2533**
Dáse conta da notificación da resolución da concesión da subvención solicitada ao abeiro da orde do 11 de marzo de 2026, pola que se establecían as bases reguladoras e a convocatoria para subvencionar a contratacion de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026.
A cantidade concedida a este Concello para o mantemento do Servizo de Orientación laboral para este ano 2026 é de 33.800,00€ para unha duración de 12 meses a xornada completa, contados a partir da data de inicio do 01/02/2026.
O desgolse desa cantiade sería que para a contratación do persoal de orientación a subvención é de 33.000,00€ e os 800,00€ restantes son para gastos adicionais do Servizo, que tal e como dispoñía a orde será para gastos xerais, materiais e técnicos que se xeren na execución das accións e para a formación da persoa orientadora.
O pagamento da suvbvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concecida, o cal se xustificará mendiante a presentación da documentación esixida no artigo 14 de dita orde.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2026/2475**
Dáse conta da Resolución, do 18 de xuño 2026, da Dirección Xeral de Cultura, en relación ás axudas para adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, e integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.
En dita resolución, as cantidades concedidas ó Concello de Vilagarcía de Arousa, para a Biblioteca Municipal e Axencias de Lectura, son as seguintes:
- PROGRAMA A. Axudas para dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.
Cantidade concedida: 1.626,71 euros.
- PROGRAMA B. Axudas para a mellora das coleccións bibliográficas.
Cantidade concedida: 3.307,31 euros.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/2490**

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Múnica, no que se indica que unha vez finalizado o curso académico e o proceso de matriculación do curso 2026-2027, dáse conta á Xunta de Goberno Local da Memoria do curso 2025-2026 na que se inclúen as estatísticas iniciais de matriculación e os resultados académicos do devandito curso, todas as actividades desenvoltas polo centro e os distintos departamentos didácticos así como as memorias individuais elaboradas por cada un dos profesores do centro relativas a todas as materias impartidas ao longo do curso.
Por outra banda o documento reflicte os resultados das probas de acceso para o curso 2026-2027 así coma os primeiros datos de matrícula do mesmo.
Procedeuse a remitir o dito documento a Inspección Provincial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/2492**
Cada ano celébranse as festas patronais en honra á Virxe do Carme na parroquia de Vilaxoán. Dentro da programación destas festas ten lugar o tradicional concerto colectivo "Vilaxoán Canta", un evento de carácter veciñal que leva máis de catro décadas poñendo o broche final ás celebracións e que constitúe unha das manifestacións culturais máis consolidadas da parroquia.
A continuidade desta iniciativa é posible grazas á implicación directa da veciñanza, especialmente das novas xeracións, que recollen e manteñen vivo o legado cultural e musical deste encontro popular.
O concerto destaca pola súa importante dimensión educativa e comunitaria. Nos meses previos á súa celebración desenvólvense ensaios abertos nos que participan tanto persoas adultas como nenos e nenas da parroquia, implicándose activamente na preparación e posta en escena do espectáculo. Esta participación favorece a transmisión da tradición oral e musical, fomenta o traballo en equipo, fortalece os vínculos interxeneracionais e contribúe a reforzar o sentimento de pertenza e identidade coa contorna.
Para garantir a correcta realización do evento resulta necesario dispoñer dos medios técnicos axeitados. Para tal fin solicitouse orzamento á empresa GOYPLASON, Sonido e Iluminación Profesional, que presenta unha oferta por importe de 1.185,80 €, a cal se considera axustada ás necesidades técnicas da actividade e acorde cos principios de eficiencia e boa xestión dos recursos públicos.
Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SONIDO E ILUMINACION GOYPLASON SL, en concepto de alugueiro de equipo de son e asistencia técnica para o concerto "Vilaxoán Canta", incluído na programación cultural apoiada pola Concellería de Educación, que terá lugar o día 20 de xullo de 2026, polo importe de 1.185,80 €, con cargo á partida 320.22799.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MERCADOS**

**PRP2026/2541**
Dáse conta da solicitude de Dona Araceli Rey Fontenla de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 18-19-20, exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona Josefa Rodríguez Fernández.
Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que se curmpiu o proceso de transmisibilidade da concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 20-11-2023 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 23 de decembro de 2025 ao 23 de febreiro de 2026 (15 días).
Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 3.000 € en concepto de traspaso da concesión dos postos nº 18-19-20 da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de Dona Araceli Rey Fontenla dos postos nº 18-19-20 da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión dado que ditos postos foron adquiridos coa data de 18/02/2002.

**PRP2026/2542**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Araceli Rey Fontenla, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando autorización para apertura da Praza de Abastos e celebración do mercado o sábado día 15 de agosto (festivo).
Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

**PRP2026/2543**
Dáse conta do escrito de D. Luis Villaronga Tarrio, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia a concesión do posto nº 39 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, do que é concesionaria Dona María Dolores Couso Silva.
En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.
O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.
No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (4.000 € polo posto).
A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.
No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.
Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.
Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.
No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.
Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.
Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

**PRP2026/2544**
Dáse conta do escrito de D. Luis Villaronga Tarrio, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia a concesión dos postos nº 40-41 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona María Durán Vilar.
En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.
O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.
No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do

prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (8.000 € polos dous postos).
A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.
No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.
Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.
Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.
No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.
Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.
Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

**PRP2026/2545**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Luis Villaronga Tarrío solicitando a baixa dos postos nº 83,84-85, da Praza do Peixe da Praza de Abastos, por renuncia, a petición propia, co fin de adquirir en transferencia os postos números 39-40-41, da mesma zona e -coa mesma actividade..
Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión dos postos nº 83-84-85 da Praza do Peixe, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, adaptandose ao Artigo 18.3, que di que cada concesionario non poderá ser titular de mais de un posto pechado dos interiores ou tres postos pechados exteriores ou tres bancadas.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2026/2503**
A Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2026 adoptou o acordo de aceptación da subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 destinadas a entidades locais de Galicia para o proxecto denominado “Reforma da rede de saneamento para separación de augas pluviais e fecais na rúa Illa de Ons”.
Dos tres orzamentos solicitados presentaron proposicións económicas MONCOSA OHS S.A. por unha cantidade de 13.129,03 € (IVE incluído) e MONTAJES JM IGLESIAS S.L. por unha cantidade de 13.370,50 € (IVE incluído).
Segundo o acordo de concesión da subvención o IMPORTE SUBVENCIONADO é de 10.811,63 euros.
Visto o anterior a Xunta de Gobrno Local acorda adxudicar a obra menor á empresa MONCOSA OHS S.A. con CIF A15050958 por un importe de 13.129,03 € (IVE incluído) por ser a empresa economicamente máis vantaxosa con cargo ao proxecto 2026/3/SUBV/7 “Fondo de Compensación Ambiental 2026. Reforma saneamento Illa de Ons”, aplicación orzamentaria 160-210.

## CULTURA

**PRP2026/2459**
No mes de setembro de 2025 asinouse entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril , o convenio renovado para o uso do Centro Sociocultural da entidade por parte da veciñanza da zona, integrándoo na Rede de Centros Socioculturais.
A documentación xustificativa presentouse o 09 de decembro de 2025 por rexistro (WEB2025010 863).
O Convenio para 2025 cumpre co previsto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na que se regula o réxime xurídico dos convenios administrativos.
A entidade cumpriu coas finalidades expresadas no convenio.
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro: Dar por xustificado dende o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, o convenio asinado coa asociación cultural Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril (NIF: G36026151) o convenio renovado para o uso do Centro Sociocultural , sen prexuízo do ditaminado pola Intervención Municipal.
Segundo: O recoñecemento da obriga e ao pago do convenio segundo a cláusula segunda do mesmo, de 2.000,00 € con cargo á partida 334 48201.

**PRP2026/2489**
No mes de setembro de 2025 asinouse entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación de veciños e sociocultural Contra Vento e Marea (NIF: G36172260), o convenio renovado para o uso do Centro Sociocultural da entidade por parte da veciñanza da zona, integrándoo na Rede de Centros Socioculturais.
A documentación xustificativa presentouse o 20 de novembro de 2025 por rexistro (WEB2025010 205).
O Convenio para 2025 cumpre co previsto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na que se regula o réxime xurídico dos convenios administrativos.
A entidade cumpriu coas finalidades expresadas no convenio.
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro: Dar por xustificado dende o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, o convenio asinado coa asociación de veciños e sociocultural Contra Vento e Marea (NIF: G36172260) o convenio renovado para o uso do Centro Sociocultural , sen prexuízo do ditaminado pola Intervención Municipal.
Segundo: O recoñecemento da obriga e ao pago do convenio segundo a cláusula segunda do mesmo, de 1.851,30 € con cargo á partida 334 48201.

**PRP2026/2498**
Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do contrato menor de patrocinio para o desenvolvemento do "AMEIXA ROCK 2025" coa Asociación Cultural "Ameixa Rock" de O Carril, cunha aportación económica por parte do Concello de 7.000,00 €, con cargo á partida 334.22602, que ten por obxecto a promoción da cultura e asociar a imaxe do Concello de Vilagarcía ao Festival "Ameixa Rock 2026" que se vai a celebrar os días 5 e 6 de setembro de 2026 en Carril.

**PRP2026/2519**
Dáse conta do contrato de patrocinio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa BAYAR S.L. para colaboracion das Festas de San Roque 2026, aportando a empresa a cantidade de 6.000,00 €, distribuidos da forma seguinte:
_En especie: 5.160,16 € que se corresponden a diverso material necesario para a realización das festas.
_ Achega económica: 839,84 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CONTRATACIÓN

**PRP2026/2416**
Estando a piques de rematar o papel para fotocopiadoras dos distintos departamentos do Concello, faise necesario dotar aos mesmos de papel DIN-A3 de 80 gr e DIN-A4 de 80 gr. para as distintas fotocopiadoras das dependencias municipais co fin de levar a cabo o bo funcionamento desta administración.
O obxecto do contrato non se está a fraccionar para evitar as normas de publicidade contempladas na Lei de Contratos do Sector Público, xa que so se precisa subministrar papel para as fotocopiadoras das dependencias do Concello en DIN-A3 de 80 gr. e DIN-A4 de 80 gr.
Solicitadas dúas ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición do subministro de 5 caixas (25 paquetes de papel DIN-A 3 de 80 gr e 1000 paquetes de papel DIN-A4 de 80 gr. para as fotocopiadoras das dependencias do Concello), presentaron oferta as seguintes empresas:

- Redinor S.L. cun importe de 4.512,09 € (IVE engadido)
- Paz Dismac, S.L. por importe de 4.220,18 € (IVE engadido)

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 3 dias.
E visto o que antecede, ao tratarse dun contrato menor de subministro de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro denominado "SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO, DIN A-3 DE 80 GR, 5 CAJAS, e 1.000 PAQUETES DE DIN-A4 DE 80 GR. CT 66/2026-e, á mercantil PAZ DISMAC, SL;, con NIF B36062180 por importe de 3.487,75 € (IVE excluido), 732,43 € (21% de IVE) cun importe total de 4.220,18 € por ser a mellor oferta calidade-precio con cargo á aplicación orzamentaria 920-22000 do orzamento vixente.

**PRP2026/2440**
A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 03/06/2024 acordou aprobar a adquisición dos locais con referencias catastrais: 9664802NH1196S0032RH, 9664802NH1196S0034YK, 9664802NH1196S0035UL e 9664802NH1196S0033TJ (leiras rexistrais números 12653, 12654, 12655 e 12656 do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa), situados nas rúas Pablo Iglesias e Eduardo Pondal do municipio de Vilagarcía de Arousa, para a ubicación do novo Centro de Servizos Sociais Municipais.
Coa intención de planificar unha Vilagarcía cara ao futuro, foi elaborada a Estratexia Urbana Vilagarcía 2030 -Estratexia de Desenvolvemento Intregrado EDIL-, como folla de ruta para as políticas locais que promoven un crecemento sostible, tanto económico como social respectuoso cos valores medioambientais e resiliente fronte ao cambio climático.
O Boletín Oficial do Estado do 30 decembro de 2024 publicou extracto da resolución de 23 de decembro de 2024 da Dirección General de Fondos Europeos pola que se aproba a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desarrollo Regional no período de programación 2021-2027.
O Plan de Actuación Integrado "CONTRUYENDO VILAGARCÍA: INNOVACIÓN, INCLUSIVIDAD Y SOSTENIBILIDAD" foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 27 de febreiro de 2025, incluíndo, entre outras, a seguinte actuación:

- Centro Integral de Servicios Sociais de Vilagarcía. Orzamento estimado: 899.937,50 €

Por resolución de 16 de xaneiro de 2026 da Dirección General de Fondos Europeos resólvese definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER e se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha asignación de senda FEDER de 3.872.912,00 €, equivalente a unha taxa de cofinanciación do 60% do investimento proposto (6.454.853,00 €).
Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 10 de febreiro de 2025, adxudicouse o contrato menor de servicios para a "Redacción de proxecto básico e de execución e estudio de

seguridade e saúde das obras de Acondicionamento de local nos Duráns para oficina de Servizos Sociais" ao arquitecto Iago Fernández Puentes por un importe total de 13.800,00 € (sen IVE) 16.698,00 € (IVE engadido).
Con data 27 de maio de 2026 (rexistro de entrada nº WEB2026004380), don Iago Fernández Puentes presenta a través do Rexistor Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa o proxecto técnico para "Acondicionamento de local para oficinas de Servizos Sociais nos Duráns".
O obxecto deste documento é definir as obras necesarias para acondicionar os locais adquiridos polo concello de Vilagarcía de Arousa para adecualos ao seu futuro uso polo Departamento municipal de Servizos Sociais, cos seguintes obxectivos:

- Traslado e concentración de todas as unidades de Servizos Sociais.
- Mellora e revitalización urbana da contorna de Os Duráns
- Promover o benestar social e servizos socias de calidade.

O ámbito de actuación se localiza no barrio de Os Duráns, nun local que conforma unha esquina, salvo por un pequeno chafrán, facendo fronte a 3 rúas, os Duráns ó sur, Eduardo Pondal ó leste e Pablo Iglesias ó norte, a súa forma e froito da unificación de varios locais preexistentes nun mesmo inmoble.
O orzamento ascende a un importe de 743.750,00 € (sen IVE); 899,937.50 € (IVE engadido).
O prazo de execución establecido no documento técnico é de 8 meses.
Con data 26 de xuño de 2026, o arquitecto municipal emite informe de supervisión favorable.
Visto o que antecede,a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado "Acondicionamento de local para oficinas de Servizos Sociais nos Duráns", redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de 899,937.50 € (IVE engadido).

**PRP2026/2478**
Considerase necesario realizar un levantamento topográfico nunha parcela cedida ao concello de Vilagarcía de Arousa, sita na rúa Da Rosa, Carril no Termo Municipal de Vilagarcía de Arousa con Referencia catastral 8688601NH1188N .
A necesidade de realizar dito estudo xeotécnico e levantamento topográfico na rúa Da Rosa en Carril, ven motivado polo compromiso da corporación municipal de ampliar o vial na Rúa Da Rosa reclamado polo veciños.
Para o ensanche de dito vial será necesario proxectar un muro de contención que precisa dito estudo xeotécnico para o seu dimensionamento.
Polo exposto, considérase imprescindible a contratación dun servizo de topografía profesional para obter un plano fiel á realidade que sirva de base técnica sólida para o desenvolvemento do proxecto dun muro de contención e urbanización da zona.
Solicitouse oferta á empresa de topografía ESTABILIZA GEOTECNICA, S.L (NIF B94083987) achegando un orzamento polo estudo xeotécnico e levantamento topográfico para urbanización de Rúa A Rosa en Carril, de 1.570,00 € e 1.899,70 (IVE 21% engadido).
De conformidade co indicado pola Oficina Técnica Municipal, non se fai necesaria a contratación dos traballos complementarios de visado incluídos no orzamento presentado.
O prazo de execución será de 1 mes.
Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado "ESTUDIO XEOTÉCNICO E LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO PARA URBANIZACIÓN NA RÚA ROSA EN CARRIL, VILAGARCÍA DE AROUSA", á mercantil ESTABILIZA GEOTECNICA, S.L (NIF B94083987), por importe de 1.570,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 329,70€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 1.899,70 €, de acordo coa oferta presentada, e con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900 do orzamento vixente (proxecto 2025/2/PREST/10 "ACTUACIÓN EN A ROSA E ACCESIBILIDADE BARANDILLA").

**PRP2026/2491**
Dáse conta de que na actualidade o departamento de contratación atópase tramitando a licitación do contrato para a prestación do servizo de asistencia xurídica e representación letrada e defensa en xuízo do Concello de Vilagarcía de Arousa (agás en materia de recursos humanos, responsabilidade patrimonial e asuntos tramitados pola Policía Local), estando previsto o inicio

de prestación do citado servizo o 1 de xaneiro de 2027, unha vez levado a cabo todo o proceso de licitación.
Tendo en conta o exposto e que o funcionario municipal D. Manuel Franco Leis asume os asuntos xudiciais en materia de recursos humanos, responsabilidade patrimonial e Policía Local, solicitouse a Baltar Abogados y Asesores Tributarios, S.L.P. un orzamento para prestar o servizo citado nos asuntos restantes, dende o 1 de xullo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 (6 meses), sendo a súa oferta a seguinte:
O coste mensual dos servizos profesionais ascende a 1.225,00 € máis IVA, en total para o período de 6 meses 7.350,00 € máis IVA.
Dito importe se facturará en 6 mensualidades, por importe de 1.225,00 € máis IVA cada mensualidade.
Os honorarios serán facturados con adición do IVA aplicable.
